

Brétemas



Onte 2089: «Os incurábeis» de Antonio Tizón

25 DE OUTUBRO DE 2020 EN A

PORTADA, AUTORES, CULTURA, LECTURAS, NARRATIVA, NOVIDADES, ONTE, XERAIS

Dentro da diversidade actual da novela negra e policial en lingua galega, non poden pasar desapercibidas cada unha das entregas de [Antonio Tizón](#), probablemente, o autor que mellor ten explorado a utilidade das convencións de xénero para desvelar o mundo da doenza mental. Unha escrita orixinal e radical que o narrador e poeta coruñés concibe con intención sociopolítica e valor terapéutico, consciente que é a súa responsabilidade compartir a experiencia como doente crónico dun trastorno bipolar. Fíxoo nas súas dúas primeira novelas, [A antesala luminosa](#) (Xerais 2015) e [Un home extraño](#) (Xerais 2018), premio de novela curta «Cidade centenaria de Ribeira», e recunca, de forma máis explícita, na terceira, [Os incurábeis](#) (Xerais 2020), quizais a máis lograda do proxecto de pentalexía da que forman parte.



N' *Os incurábeis* Tizón non renuncia ao seu modelo de novela mulata de intencionalidade social nin a súa localización nun momento histórico recoñecible (o trimestre posterior ao 11-S de 2001) nin a un espazo identificable (o barrio coruñés dos Castro, identificado con todos os sinais), encadrándose no subxénero de «novela coruñesa». Como tampouco renuncia ao protagonismo do seu antiheroe, o inspector Xosé Sánchez Pereiro, un policía sibarita, prudentemente canalla e corrupto, a quen entrega a voz narradora dende a primeira palabra dunha historia que comeza como investigación do asasinato de Paloma Bieito Moreira, a vella prostituta propietaria do Niño da Pomba, toda unha lenda no barrio. Complexa esculca con múltiples ires e vires, que sosteñen unha trama moi traballada que nunca perde interese para un lector enfrontado á psicoloxía e comportamentos imprevisíbeis dos incurábeis, as persoas que padecen as enfermidades mentais máis graves.

Crueza dun relato que Tizón sabe mitigar creando unha atmosfera envolvente, onde a voz de Sánchez Pereiro mestura xornadas interminables de tapas e chiquiteo con tardes de sete e media e noites de puterío que nalgúñas ocasións poden chegar a deixar ao lector coa boca aberta. Non hai dúbida que estas páxinas son nas que mellor se come e se bebe da narrativa galega actual, capaces de constituír unha guía dos mellores viños (non só galegos) e destilados de principios do século XXI. Novela gourmet, que enfronta a Pereiro coas mellores delicias do Montalbano de Camileri, mais na que o narrador coruñés non renuncia por iso a relatar de forma abraiante os comportamentos máis desmesurados e a retratar as personalidades máis obtusas.

Con todo, a cerna desta terceira entrega de Tizón é enfrontar ao leitorado cos dilemas éticos da aplicación da eutanasia aos enfermos mentais incurábeis, que dunha maneira consciente ou inconsciente, a berros ou en silencio, piden unha morte digna, sen máis dor da necesaria, porque sufren, porque fan sufrir aos demais e porque son un perigo, para eles mesmos e para a sociedade enteira. Velaí neste debate incómodo sobre a abordaxe das doenzas mentais mais difíciles e perigosas, tantas veces oculto baixo as alfombras do noso benestar, onde reside o corazón dunha novela literariamente moi valiosa e de lectura engaiolante. Tizón reclama así atención para unha temática case

inédita no catálogo narrativo galego. Parabéns e gratitudes para ao meu admirado Antonio por ofrecer outra novela tan valente e distinta ao que hoxe se publica e se valora. Recoméndoa vivamente.